

Cuestionario de Detección de Necesidades Formativas

Para garantir maior efectividade na detección das necesidades formativas, pedímoslle que reúna a seguinte información previa:

- Información estatística do alumnado e profesorado.
- Información sobre problemas críticos anteriores (rexistros de reclamacións, de incidentes...).
- Información sobre actividades formativas anteriores no centro.
- Outras informacións relevantes, específicas do centro, a consideración da

1. Desenvolvemento da competencia en lectura e escritura (impresa e dixital) como ferramenta imprescindible para a aprendizaxe e potenciación do uso instrumental das linguas co seu tratamento integrado.
2. Mellora da competencia lingüística do profesorado en linguas estranxeiras.
3. Integración didáctica das TIC e no uso para o traballo cooperativo en rede a través de espazos virtuais.
4. Atención á diversidade e ao éxito escolar, promovendo a innovación, reflexión e avaliación da práctica educativa que propicie melloras metodolóxicas para o desenvolvemento das competencias básicas, traballo cooperativo do profesorado así como cambios organizativos.
5. Mellora da convivencia escolar e do clima da aula, fomentando valores básicos para o desenvolvemento persoal e as relacións sociais.
6. Formación en competencias científicas e didácticas nas diferentes áreas do currículo.

1 - DESENVOLVEMENTO DA COMPETENCIA EN LECTURA E ESCRITURA

Por favor, indique a situación actual do centro en relación aos seguintes ítems de tal xeito que 1 indique pouco cumprimento e 4 moito.

ITEMS	1	2	3	4
Centro educativo				
Elabórase unha programación conxunta para o tratamento integrado das linguas.				
Empréganse os datos das avaliacións (Diagnóstica, PISA , etc) para a reorientación de programacións e actividades.				
Organízanse actividades de lectura e escritura, entendidas como elementos instrumentais e transversais do currículo nas áreas lingüísticas e non lingüísticas.				
Existen canles de participación que implican a toda a comunidade educativa e, de forma especial, ás familias na mellora da competencia lingüística.				
Poténciase o desenvolvemento da comunicación oral a través das diferentes áreas curriculares.				
A biblioteca utilízase como centro de recursos para a aprendizaxe.				
Poténciase o uso da biblioteca escolar como lugar de investigación, que permita ao alumnado utilizar e contrastar diversas fontes de información para construír o seu coñecemento.				
Organízanse actividades de busca, comprensión e interpretación relacionadas coas materias curriculares.				
O proxecto lector do centro contribúe ao desenvolvemento da competencia lingüística.				

Por favor, indique a situación actual do centro en relación aos seguintes ítems de tal xeito que 1 indique pouco cumprimento e 4 moito.

ITEMS	1	2	3	4
Profesorado				
Desenvólvense accións formativas para o profesorado que contribúen á mellora da competencia lingüística.				
Coñece didácticas específicas vinculadas á competencia en comunicación lingüística.				
O profesorado actúa con eficacia no tratamento integrado das linguas.				
O profesorado ten a adecuada formación para a avaliación da competencia lingüística do alumnado.				
O profesorado demostra competencia para a selección, adaptación e creación de recursos e materiais curriculares vinculados á competencia en comunicación lingüística.				
Utiliza a biblioteca como centro de recursos na práctica educativa.				
O profesorado demostra competencia para actuar como mediador (orientador, facilitador) en procesos de tratamento da información.				
O profesorado participa activamente no desenvolvemento do proxecto lector do centro e o plan anual de lectura.				

Despois de contestar e analizar as súas respostas, poderá identificar necesidades formativas do seu centro.

Por favor encha o seguinte cadro.

Área de necesidade (ex. innovación, reflexión, etc.)	Descrición da situación específica.	1: É unha necesidade puntual ou frecuente? 2: É unha necesidade presente ou vai ocorrer no futuro?		Proposta de actividades formativas.	A que grupo se aplica
		1	2		